

O ACONTECEMENTO IRMANDIÑO, AS LOITAS NOBILIARIAS E A SUA INFLUENCIA NOS CONCELLOS DE CANGAS E MOAÑA (2ª parte)

Xosé C. Villaverde Román

Dende a Idade Media, a Sé de Iria Flavia (preto de Padrón) controlaba o Morrazo para ser disputado mais tarde por diferentes ordes monásticas, e das que Hipolito de Sa cita na súa obra "Rutas del Románico en la provincia de Pontevedra", a orde Cisterciense de Melón (Ourense), como os herdeiros das terras de Domaio, mentres que ao mosteiro de Sta. María de Oia, foille concedida a xurisdición do coto de Vilela.

A orde sanxoanista da encomenda de Beade (Ourense), dominaba as parroquias de Moaña (San Martiño), Hío (San Andrés), Aldán (Sta. María) e a de Tirán (San Xoán). Os bieitos, de menor influencia na zona, gozaron da súa parcela en Ermelo.

No s. XII, o arcebispado de Santiago agregou a vila de Cangas á súa xurisdición temporeira. Posiblemente tivera lugar sobre o ano 1184, cando a fortaleza de Darbo pasara a propiedade do arcebispo Xelmirez.

Perante o s. XV as casas de Valladares e Soutomaior, disputarán á Mitra Compostelá a posesión das terras morracenses, agás algún couto que outro, que por dereitos históricos perpetuáranse noutros dominios.

Durante o s. XVI e coincidindo coa Construción da Colexiata, a Igrexa de Compostela nomea a Cangas cabeza xurisdicional das parroquias de Darbo, Tirán, Coiro, Domaio, Moaña, Aldán, Bueu, Cela e Piñeiro.

Volvendo ao século XV, atopámonos que, para defender a meirande parte do que hoxe son os concellos de Cangas e Moaña, foron erguidas dúas fortificacións en sendos montes de ladeiras ásperas e costaneiras.

A torre de Meira, localizada no outeiro do mesmo nome, pertenceu a Gregorio de Valladares, señor residente na cidade de Vigo. A outra, a fortaleza de Darbo, propiedade da Sé Compostelá, estivo emprazada no monte Castelo, de aí o seu nome, e aínda se conservan restos de esquinais e sillares asentados como base de muros ou paredes. De tódolos xeitos, ambas construcións non foron condicionadas para habitar permanentemente.

Atendendo ás declaracións testemuñais do preito, a fortaleza de Aravelo ou Darebalo, como chamaban entón a Darbo, presenta versións antagónicas respecto da súa orixe. Mentres uns testemuñas din que foi levantada denantes dos sucesos irmandiños, outros porfían o contrario. Se ben, os primeiros parecen ter razón, non é descartable a existencia doutro castelo en época anterior.



Andaban en formación as irmandades, cando chegou á vila de Pontevedra un alguacil, que portaba unha vara ou bastón de mando do rei Henrique IV, para pregoar a toma das armas e saír a derrocar, en nome do Rei, as fortalezas dos arredores.

Os irmandiños, xa organizados cos seus alcaldes, cuadrilleiros e deputados parecían estar esperando a chegada do alguacil para actuar. O Morrazo que non era marxinal á cuestión, contribuíu a constitución da Irmandade con alcaides-deputados representados polo pescador de Cangas, Pedro García e a interesada participación dos fidalgos Vasco e Rui López, irmáns, tamén de Cangas.

A Irmandade emprendeu a mobilización desprazándose a diferentes lugares para destruír as fortalezas meirandes, como as de Lantaño, Soutomaior ou Tui e as menos importantes situadas noutros puntos das cidades e proximidades, entre as que se encadrarían, as de Meira e Darbo.

A versión dun testemuña do interrogatorio di que o castelo de Darbo foi desportillado e desmouchado, expresións estas medievais, hoxe en desuso e que significan respectivamente a apertura dun buraco nos muros do castelo e o derribo da parte superior.

Semellante sorte correu a de Meira que estaba defendida por dúas cercas de pedras. A primeira, a máis longa, desportilláronna por varios sitios, mentres que a segunda foi derrocada de todo. Sen embargo a torre soamente a desmoucharon ata a metade.

Derrotados os irmandiños, volveron os cabaleiros para rexurdir a guerras entre eles e os que antes eran amigos por causa común, agora tómanse inimigos para disputar os dominios.

Probablemente o conflito que máis afectou a esta bisbarra foi o mantido entre Alonso II de Fonseca, arcebispo de Compostela contra Pedro Madruga, por discrepancias sobre uns privilexios que afectaron á vila de Pontevedra.

Segundo Perálvarez era posuidor duns xuros do Rei -dereito de propiedade e perpetuidade- de 50.000 marabedís (moeda usual nese tempo). Dereito negado polo patriarca Fonseca, señor xurisdicional de Pontevedra.

Na defensa da vila de Cangas, o propio Fonseca, facendo caso omiso a oposición veciñal, ordenou a reconstrución do castelo de Darbo sen constarlle ren. Para tal fin, impuxo a obriga de pagar un real por veciño para financiar aos pedreiros, e un cuarto de vaca en especie.



A calidade de construción do castelo de Darbo, contradise nas declaracións do preito. Dun adarve (muro da fortaleza) ben feito para uns declarantes, mentres que outros informaban o contrario. No que si coinciden é na formación de dous ou tres cubos (torreóns circulares) comunicados por unha parede ou muralla de pedra asentada de canto formando tres ou catro camarachóns (espazo baldeiro entre parede e parede). Dentro do castelo había dúas casas terreñas.

Unha colmada (cuberta de palla) e outra tellada, ámbalas dúas utilizadas como refuxio en vez de vivendas permanentes. Unha canle e un varganzo (cerca de estacas) eran as únicas defensas que contaban dentro da muralla.

Rematada a obra, o arcebispo nomeou por merino da fortaleza a Vasco Fernández, que foi a vivir nela en compañía da súa muller, co fin de organizar a defensa contra as hostilidades de Perálvarez de Soutomaior.

A guerra entre ambos rematou cun tratado de paz, polo que Vasco Fernández abandonou a fortaleza de Darbo, deixándoa intacta e coas portas abertas. O patriarca atendendo aos desexos dos vasalos de Cangas, mandou chamar a un vizcaino para desportillar o castelo por catro ou cinco sitios, e, co paso do tempo rematou por derrubarse totalmente.

Gregorio de Valladares, vítima mortal de Pedro "Madruga", non chegara a reconstruír a torre de Meira dos danos ocasionados polos irmandiños. Iso non impediu ao de Soutomaior enviar xente ás ordes do merino Juan Fernández para derrubar ata o chan o que quedaba da torre. Isto puido ter lugar sobre o ano 1476, cando Perálvarez por vinganza dun vasalo estimado, arrasou, entre outras, as casas de Aldán e Meira. Segundo o cronista contemporáneo Vasco de Aponte di que a casa de Meira era unha das máis antigas do reino de Galicia e que contaba cunha forza de cen homes. É difícil de verificar si esta casa correspondía a do concello de Moaña ou a outra de máis realengo. Non obstante por proximidade, parece apuntar á torre en cuestión.

A subida dos Reis Católicos ao trono castelán, repercutiu tamén no Morrazo, ao nomear a Álvaro, fillo maior de Pedro Madruga, como xefe dos Soutomaior, anulándolle o poder do propio conde de Camiña.

A instauración dos cánones de xustiza, por mandato dos Reis Católicos, permitiu a García Sarmiento "O Vermello", xenro de Gregorio de Valladares, denunciar ao merino Juan Fernández de Soutomaior, ante o gobernador e alcaldes maiores do reino de Galicia, na cidade de Santiago. A demanda foi estimada en 700.000 maravedís de indemnización, pero a sentenza condenou a Juan Fernández ao pago de 10.000. Isto significa que a torre estaba desvalorizada no derrocamento final. Por outra parte Juan Fernández enviou seu criado á cidade de Tui en busca dos 10.000 maravedís para satisfacer o pago. Parece ser que as demandas tiveron continuidade, recaendo as reclamacións nos herdeiros de Juan Fernández, Pedro Losada e Esteban Rodríguez de Cangas.

Pola parquedade das declaracións descoñécense se chegaron a indemnizar aos demandantes, ou si pola contra, houbo máis denuncias.

Segundo a "Memoria da prospección arqueolóxica feita na Torre de Meira", publicada no boletín Auriense VI (1976), a torre foi asentada na faldra Sur do xacemento castrexo de "As Cidades" sobre un pequeno outeiro. A torre ten forma cáseque cadrada de 5,90 m. por 5,70 de lados exteriores e 3,60 por 3,40 m. de medidas interiores. A diferenza tan considerable ben dada polo grosor de 1,18 m. das paredes formadas por sillares ben traballados e asentados.

O promontorio no que se alza a torre, comprende a penas 96 metros cadrados e considérase que o conxunto, consta dun patio de armas e a mesma torre, protexidas por unha muralla que bordea o cumio do outeiro.

Parece ser que arrimadas ás murallas polo interior, foron edificadas habitacións serviciais para a torre.

A 7,25 m. descubriuse unha segunda muralla paralela á primeira, o que ven a verificar as declaracións testemuñais do preito Tabera-Fonseca.

Publicado no boletín de difusión cultural da Agrupación C.D.R. "Nós" (Moaña) e Xiria. Asociación Cívico-Cultural (Cangas). Días das Letras Galegas. Maio/1986.